

Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 20 de novembro de 2014, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

“PUNTO DÉCIMO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA ADXUDICACIÓN DO PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, PARA A XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DENOMINADO “CICLO INTEGRAL DA AUGA” NO CONCELLO DE AMES, MEDIANTE A MODALIDADE DE CONCESIÓN.

En data 25 de agosto de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Ames acorda iniciar expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación para a xestión do servizo público Ciclo integral da Auga do Concello de Ames, mediante a modalidade de concesión administrativa por prazo de nove meses, aprobando os pregos que rexerán a contratación.

Con data 2 de setembro de 2014, publícase anuncio de licitación no BOP de A Coruña, e no perfil do contratante para que no prazo de 30 días naturais os interesados poidan presentar as proposicións que consideren oportunas. Posteriormente en data 10 de setembro de 2014 publícase corrección de erros materiais no BOP e apertura de novo prazo de presentación de proposicións.

Unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas polos licitadores, a mesa de contratación designada no procedemento de licitación, reunida con data 13 de outubro de 2014 para a apertura e cualificación da documentación administrativa, acorda declarar admitidas no procedemento ás seguintes empresas:

- Gestión y Técnicas del Agua S.A, con CIF A- 78139755
- Unión Temporal de Empresas constituída por Acciona Agua Servicios SLU, con CIF B-86774528 e Espina Obras Hidráulicas S.A, con CIF A-15168156

A mesa acorda igualmente:

1. Requerir á empresa empresa Hidrantía Gestión integral del Agua S.L con CIF B-70409073 para que emende os defectos subsanables dos que adolecía a súa proposición.
2. Excluir ao licitador José Manuel Vale Vale con NIF 33307196-E por non cumprir co disposto no artigo 145 do Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRL CSP), ao non se axustar a súa proposición ao previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, na medida en que:
 - A proposición non supón por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares, nin do de prescricións técnicas,
 - A documentación contida no sobre A revela o importe mínimo do canon anual ofertado ao Concello, vulnerando o carácter secreto da proposición económica a incluír no sobre C.

Notificados pola secretaria da mesa de contratación os acordos de requirimento e exclusión ás empresas afectadas, en data 17 de outubro de 2014 vólvese a reunir a mesa, a cal, á vista dos escritos presentados por Hidrantía Gestión Integral del Agua S.L comunicando á mesa de contratación que non vai a proceder a enmendar a súa proposición, e o escrito presentado polo licitador José Manuel Vale Vale efectuando alegacións á exclusión realizada, acorda:

- Proceder ao rexeitamento da proposición realizada por Hidrantía Gestión integral del Agua S.L por non ter atendido ao requirimento solicitado.
- Non admitir a trámite as alegacións efectuadas por José Manuel Vale Vale, con NIF

33307196-E, por non ser este o momento procedimental oportuno para formular oposición contra o acordo da mesa de contratación de proceder a súa exclusión.

En data 21 de outubro de 2014 a Mesa de contratación reúnese para apertura do sobre B denominado "documentación relativa aos criterios de adxudicación ponderables en función dun xuízo de valor". Dita documentación foi entregada á empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA, S.A, para que procedera á súa valoración, nas instalacións habilitadas ao efecto na casa consistorial do Concello de Ames.

Na reunión da Mesa de contratación de data 11 de novembro de 2014 dáse conta do informe de valoración realizado pola empresa IDOM INGENIERIA Y CONSULTORIA, S.A, sendo aprobada a valoración dos sobres B, fixando a apertura das proposicións económicas para o día 14 de novembro de 2014.

En data 14 de novembro de 2014, reunida para a apertura das proposicións económicas, e unha vez valoradas e puntuadas as mesmas, a mesa formulou proposta de clasificación (por orden decrecente de puntuación) das empresas admitidas a licitación, de acordo todo elo co previsto no artigo 83 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das administracións públicas.

En base ao anterior, e ao conxunto de antecedentes que figuran no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 751/2011) adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Clasificar, por orden decrecente de puntuación, ás empresas admitidas a licitación no procedemento, do seguinte xeito:

Licitador	Puntuación canón inicial	Puntuación porcentaxe baixa	Porcentaxe ingresos	Puntos totais oferta económica
UTE Acciona Agua Servicios SLU e Espina Obras Hidráulicas S.A	50	10	6	66
Gestión y Técnicas del Agua S.A	29,05	0	5,99	35,04

Segundo.- Aos efectos do establecido no artigo 223.f) do TRLCSP, serán obrigas esenciais para o licitador clasificado en primeiro lugar, Unión Temporal de Empresas constituída por Acciona Agua Servicios SLU, e Espina Obras Hidráulicas S.A, ademais das previstas nos pregos que serviron de base á licitación (cláusula 27ª), as seguintes:

A.- Oferta económica:

* Canon inicial: **280.000 Euros**

• Porcentaxe de baixa sobre prezos de obras: **15%** (porcentaxe sobre prezos incluídos no Prego de Prescricións Técnicas).

• Porcentaxe dos ingresos ofertado como límite máximo do importe das reparacións ao efecto do disposto na cláusula 27.i: **10,01 %**

B. Duración do contrato: nove meses dende o inicio da prestación dos servizos, non prorrogables.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares, nos pregos de prescricións técnicas polo que se rexeu o procedemento, coa proposición formulada, así como co regulamento dos servizos, e normativa vixente que lle sexa de aplicación.

No prazo de 10 días naturais, contados a partir do seguinte ao da notificación do presente acordo, o licitador clasificado en primeiro lugar, de ter presentado a declaración responsable, debe acreditar a posesión e validez dos documentos que reflicten que se cumpren as condicións establecidas pola Lei e polos pregos que rexeron a contratación. **Asemade** deberá achegar:

1. Dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do TRLCSP.
2. Documento acreditativo de ter constituída unha garantía definitiva por un importe de

100.000.00 €, segundo se especifica na cláusula 38 dos pregos que rexeron para a licitación.

3. Copia da Póliza de Responsabilidade Civil subscrita pola contía mínima establecida na cláusula 27 do prego de cláusulas administrativas particulares.
4. Escritura pública de formalización da UTE, validada pola Secretaria Xeral do concello de Ames. Na escritura deberase indicar a duración da UTE, e esta deberá coincidir coa duración do contrato ata a súa extinción.
5. Documento xustificativo do reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello **348,48 euros** (El Correo Gallego) e **310,96- euros** (Boletín Oficial da provincia de A Coruña) facendo un total de **659,44.- euros** en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose nese caso a solicitar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.”

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e praxe do señor alcalde en Ames, a vinte e un de novembro de 2014, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e praxe
O alcalde

A secretaria

Santiago V. Amor Barreiro